



**XUNTA DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE POLÍTICA  
SOCIAL

Dirección Xeral de Inclusión Social

## CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E A FUNDACIÓN SECRETARIADO GITANO PARA A EXECUCIÓN DE DETERMINADAS ACCIÓNS DO PROGRAMA OPERATIVO ESTATAL DE INCLUSIÓN SOCIAL Y ECONOMÍA SOCIAL 2014-2020 DO FONDO SOCIAL EUROPEO

Santiago de Compostela, 15 de xullo de 2016

### REUNIDOS

#### Dunha parte:

Don José Manuel Rey Varela, conselleiro de Política Social da Xunta de Galicia, en virtude do Decreto 126/2015, do 4 de outubro, polo que se nomean as persoas titulares dos departamentos da Xunta de Galicia, actuando en nome e representación da Xunta de Galicia, no uso das facultades que lle veñen atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa presidencia, no Decreto 116/2015, do 4 de outubro, polo que se modifica a estrutura orgánica da Xunta de Galicia e no Decreto 129/2015, do 8 de outubro, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia e no Decreto 176/2015, do 3 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social.



#### Doutra parte:

D. Isidro Juan Rodríguez Hernández, na súa calidade de director da Fundación Secretariado Gitano, segundo poder notarial número 563 de 19 de abril de 2005 ante Ignacio Gil-Antuñano Vizcaíno, Notario de Valladolid,

Ambas as dúas partes, no nome e representación no que concorren e coa capacidade legal suficiente para este acto

### EXPOÑEN

I. Que os poderes públicos galegos teñen encomendada a obriga de promover as condicións para que a igualdade e a liberdade do individuo e dos grupos en que se integran sexan reais e efectivas, removendo os atrancos que impidan ou dificulten a súa plenitude e facilitando a participación de todos os galegos e galegas na vida política, económica, social e cultural.





**II.** Que en uso da competencia exclusiva recollida no artigo 27 do vixente Estatuto de Autonomía, desenvolveuse un sistema galego de servizos sociais, regulado pola Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia en virtude da cal corresponde á Xunta de Galicia a planificación e programación xeral dos servizos sociais no ámbito territorial de Galicia, mediante a elaboración do Plan estratéxico de servizos sociais e os plans e programas sectoriais.

**III.-** A súa vez, o artigo 3 da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, define como obxectivo do sistema galego de servizos sociais facilitar alternativas, recursos e itinerarios de integración social a aquelas persoas que se atopan en situación ou en risco de exclusión social.

**IV.-** Do mesmo modo, na Lei 10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia, no artigo 57.4 establece que as administracións autonómica e local poderán conceder subvencións, así como subscribir, de acordo co artigo 31 da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, convenios de colaboración con entidades de iniciativa social que dispoñan da capacidade e dos medios adecuados para a realización das actividades de inserción social de colectivos con problemáticas específicas e persoas beneficiarias da renda de inclusión social de Galicia.

**V.-** Que, en virtude do establecido no Decreto 176/2015, do 3 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social., correspóndelle as competencias correspondentes en materia de benestar e, particularmente, en inclusión social e, particularmente, en atención ás minorías étnicas.

**VI.-** As partes coinciden en que a situación das minorías étnicas con baixos niveis de instrución e altas taxas de desemprego, require a posta en marcha de medidas activas nos campos da formación profesional e o emprego para unha completa incorporación social, segundo as directrices establecidas na Estratexia de Inclusión Social de Poboación Gitana en Galicia enmarcada na Estratexia de Inclusión Social de Galicia 2014/2020.

**VII.-** Que a Fundación Secretariado Gitano é a encargada de xestionar as actuacións dirixidas á poboación xitana a través do Programa Operativo de



Inclusión Social y Economía Social 2014-2020, no que se enmarcan as actuacións obxecto do presente convenio.

**VIII.-** A Consellería Política Social, unha vez establecidas as prioridades en materia de inclusión social, considera de interés continuar a desenvolver unha liña de colaboración, a través dun convenio coa Fundación Secretariado Gitano, inscrita no Rexistro de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais co número E-1729 para o desenvolvemento de actuacións no marco da Estratexia de Inclusión Social de Poboación Gitana en Galicia . A instrumentación desta axuda por medio dun convenio de colaboración singular, reside na circunstancia de non existir outra entidade nesta comunidade autónoma que traballe con este colectivo prestándolle a atención profesionalizada que esixe nun ámbito territorial tan extenso. Neste senso sinalar que, por un lado, a Consellería de Política Social considera que a colaboración no mantemento destes servizos cumpre, indubidablemente, unha función de interés social e humanitario en consonancia co establecido pola Lei de Subvencións de Galicia e o artigo 40 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, de desenvolvemento da anterior.

En atención a estas consideracións, as organizacións abaixo asinantes, co fin de actuar conxuntamente para mellorar as condicións de vida e a plena participación social, especialmente no mercado de traballo e o emprego, acordan subscribir o presente convenio de colaboración de acordo coas seguintes.

## CLÁUSULAS

### PRIMEIRA: Obxecto

É obxecto do presente convenio regular o marco de cooperación entre a Consellería de Política Social e a Fundación Secretariado Gitano para o desenvolvemento de accións dirixidas ás minorías étnicas coa finalidade de promover a inclusión social a través de políticas activas centradas na loita contra a discriminación, no marco do Programa Operativo de Inclusión Social y Economía Social 2014-2020.





## **SEGUNDA: Contido**

Para a consecución do obxecto sinalado na cláusula anterior a Fundación Secretariado Xitano desenvolverá un programa de actuación, denominado xenéricamente ACCEDER, que versará especialmente sobre materias de formación profesional ocupacional, orientación laboral, acompañamento no acceso ao emprego, accións de sensibilización dirixidas a empresarios, entes públicos e estudos e metodoloxías para aplicar aos programas. A Fundación Secretariado Gitano desenvolverá as seguintes actuacións:

- Mantemento de cinco dispositivos de intervención, coa finalidade de realizar accións de acollida, orientación, acompañamento e acceso de minorías étnicas, preferentemente á formación e ao emprego. Estes dispositivos estarán situados nos concellos de Coruña, Lugo, Pontevedra, Vigo e Santiago de Compostela atenderán á poboación destes concellos así como a súa área de influencia.
- Desenvolvemento de accións de asesoramento e apoio dirixidas a impulsar políticas sociais máis activas con estas comunidades. Estas actuacións irán dirixidas ás entidades que traballan directamente con estes colectivos, tanto concellos como entidades de iniciativa social.

A intervención perseguirá como obxectivo común das accións a mellora da capacidade de inserción e incorporación das minorías étnicas no mercado de traballo e o impulso de políticas sociais máis activas coa mesma. Así mesmo son obxectivos xerais deste convenio:

- A inserción de persoas xoves desempregadas e en situación de exclusión social, con relevancia dos xoves entre dezaseis e vintecinco anos.
- Fomento dos servizos de proximidade e os empregos e ocupacións vinculadas a estas actividades que poidan repercutir na mellora das condicións de vida destes colectivos.
- A capacitación dos beneficiarios nunha profesión ou oficio.
- A inserción laboral dos beneficiarios a través do adestramento en habilidades e técnicas de busca de emprego.



### **TERCEIRA: Obrigas da Fundación Secretariado Gitano**

A Fundación Secretariado Gitano, con suxeición á normativa aplicable e aos termos do convenio comprométese a cumprir todos os requisitos e obrigas establecidos nos artigos 10 e 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e, en especial:



1. Realizar as accións derivadas do obxecto do convenio.
2. Facilitar toda a información requirida pola Consellería de Política Social a través da Dirección Xeral de Inclusión Social, así como pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Consello de Contas, o Tribunal de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control, así como estar ao corrente nas obrigas tributarias e fronte a seguridade social.
3. Subministrar a información que lle sexa requirida para o cumprimento das obrigas establecidas no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.
4. Non difundir, sen a previa autorización da Dirección Xeral de Inclusión Social, calquera información que afecte aos procedementos e resultados das intervencións que se deseñen no marco deste convenio.
5. Adecuar a metodoloxía de recollida e proceso de datos relativos á execución das accións así como os instrumentos xustificativos do gasto ás fórmulas que no seu caso propoña a Consellería de Política Social a través da Dirección Xeral de Inclusión Social.
6. Participar nas accións de información e sensibilización relacionadas co obxecto do convenio que, se é o caso, realice a Consellería de Política Social a través da Dirección Xeral de Inclusión Social.
7. Cumprir as normas de información e publicidade derivadas da cofinanciación destas actividades pola Comunidade Autónoma Galega a través da Estratexia de Inclusión Social de Galicia 2014/2020, sen prexuízo das restantes obrigas de información e publicidade que se deriven do financiamento comunitario das accións obxecto de cofinanciación.





8. Dispor dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos esixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable ao beneficiario en cada caso, así como, cantos estados contables e rexistros específicos sexan esixidos polas bases reguladoras da subvención coa finalidade de garantir o adecuado exercicio das facultades de comprobación e control.
9. Axustarse na execución das accións aos obxectivos que no seu caso estableza a Consellería de Política Social a través da Dirección Xeral de Inclusión Social. Para asegurar o cumprimento das accións establecidas, en relación ao punto 4 desta cláusula, a Fundación Secretariado Gitano comunicará semestralmente á Dirección Xeral de Inclusión Social, os participantes que teñan deseñado un proxecto de inserción asociado á Renda de Inclusión de Galicia, e o seu grado de cumprimento.
10. Acreditar a realización do obxecto así como a aplicación dos fondos ao fin destinado de acordo co establecido na cláusula quinta deste convenio.
11. Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en tanto podan ser obxecto de comprobación e control.
12. Adoptar as medidas de difusión contidas no artigo 15.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia e 20 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento de subvencións de Galicia e consistirá na inclusión da imaxe institucional da Xunta de Galicia e lenda alusiva ao financiamento do programa por parte desta en carteis, placas, materiais impresos e medios electrónicos e audiovisuais, entre outros.
13. Proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos contemplados no artigo 32 e 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. A tramitación do correspondente expediente de reintegro levarase de acordo co procedemento establecido no título II da lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no título V do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o





regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

14. Cumprir cantas outras obrigas se deriven da execución do disposto neste convenio.

#### CUARTA: Orzamento

Para a realización das actividades obxecto do presente convenio a Consellería de Política Social achegará a cantidade de sesenta e catro mil euros (64.000.- euros) con cargo á aplicación orzamentaria 12.03.313C.481.0 do proxecto de Lei de orzamentos da Comunidade Autónoma para o ano 2016, cubrindo os seguintes gastos:

Gastos de Persoal: ..... 51.815,63 €.  
Gastos de Mantenemento: ..... 8.951,34 €.  
Gastos en Actividades:..... 3.233,03 €.

Estes límites poderán sufrir lixeiras variacións, que só serán admitidas pola Dirección Xeral de Inclusión Social cando esta estime que estas non comprometen a finalidade do programa e non impiden ou dificultan a boa marcha do servizo, cubrindo os gastos esenciais.

O importe da achega da Consellería de Política Social estará condicionado á existencia de crédito axeitado e suficiente na aplicación orzamentaria sinalada, unha vez que dito texto teña carácter definitivo.

#### QUINTA: Pagamento e xustificación

Respecto á forma de pagamento estarase ao disposto na Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 2016, ao establecido na Lei 9/2007 de 13 de xuño de subvencións de Galicia e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento de subvencións de Galicia.

Os pagamentos adoptarán a modalidade de conta xustificativa con entrega de xustificantes de gasto previa xustificación pola Fundación Secretariado Gitano, dos gastos realizados e do cumprimento da finalidade para a que é concedida a





axuda, así como da aplicación dos fondos destinados ao efecto. Esta conta xustificativa conterá:

1. Certificación do órgano que teña atribuída na devandita entidade as correspondentes facultades de control, xunto cunha relación dos gastos comprendidos en dita certificación. A estes documentos acompañarase:
2. No caso de gastos de persoal, nóminas, boletíns de cotización á Seguridade Social, documentos de retención do imposto da renda sobre as persoas físicas, así como, dos documentos xustificativos dos pagos.
3. Así mesmo, no caso de xustificarse gastos doutra natureza, xuntaranse as correspondentes facturas ou documento contable de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, con expresión do seu número, acredor, data de emisión, concepto e importe e data de pagamento. As facturas deberán cumprir o disposto no Real Decreto 1619/2012, de 30 de novembro, polo que se aproba o regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación. En todo caso, tanto as facturas como calquera documento acreditativo que figure e se acompañe na relación, deberán vir acompañadas dos documentos acreditativos de ter realizados os pagos do correspondente gasto, debendo cumprir os requisitos establecidos no artigo 42.2 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, aceptándose a xustificación do pagamento mediante recibín do provedor ou beneficiario, sempre que o importe sexa inferior a 1.000,00 €. As actuacións que se subvencionan con cargo a este convenio comprenderán gastos realizados entre o 1 de xaneiro e o 30 de setembro do ano 2016, establecéndose o 30 de novembro como a data última que se considerará como límite para a súa xustificación aos efectos do artigo 40.1 f do Decreto 11/2009 polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, reservándose a Comunidade Autónoma a posibilidade de esixir a acreditación da xustificación da subvención con anterioridade e en función do que, no seu día, dispoña a norma que regula as operacións de cerramento do exercicio 2016. Como





regra xeral, a acreditación do pagamento esixírase, en todo caso, para facer efectivos os pagamentos.

4. No caso de que se efectuaran gastos subcontratados, e estes sexan por contía superior a 18.000,00 €, deberanse achegar os tres orzamentos solicitados para a elección da persoa física ou xurídica finalmente elixida para o desenvolvemento da actividade. Para os efectos do presente convenio, non está permitida a subcontratación dos gastos subvencionables. Non obstante o anterior, non se considerarán como gastos subcontratados aqueles nos que teña que incorrer a entidade beneficiaria para a realización por si mesma da actuación subvencionada, tales como a contratación de persoal monitor, alugamento de instalacións para a realización das actuacións e/ou gastos de subministracións relacionados con elas, sempre que non sexan provistos pola mesma persoa física ou xurídica.

O pagamento das subvencións realizarase segundo se establece a continuación:

Ata o 80% da contía total concedida, o pagamento poderá facerse efectivo mediante pagamentos a conta da liquidación definitiva a medida en que a Fundación Secretariado Gitano, xustifique os gastos realizados na forma prevista anteriormente.

Antes de facer efectivo o 20% restante a Fundación Secretariado Gitano, amais da conta xustificativa con xustificantes de gasto establecida no punto anterior, deberá presentar:

1. Memoria da actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
2. Relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financiasen a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia, así como unha declaración de estar ao corrente nas obrigas tributarias e fronte a seguridade social.
3. Declaración complementaria do conxunto das axudas solicitadas (tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución





para o mesmo proxecto obxecto deste convenio) das distintas administracións públicas competentes ou de calquera dos seus organismos.

O importe da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con subvencións ou axudas doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, supere o custo total da actividade que vai desenvolver o beneficiario.

Así, como regra xeral, permítese a acumulación de axudas, sempre que o importe total destas non supere o custe total do programa. Para tal fin, establecerase un sistema de estampillado dos xustificantes de gasto que permita o control da concorrencia de subvencións, con expresión da porcentaxe que se lle imputa, ben a totalidade ou a que lle corresponda.

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión.

#### **SEXTA: Seguimento e avaliación**

Créase unha Comisión Mixta Paritaria para o seguimento e avaliación das actuacións estipuladas no presente convenio, que estará integrada por dous representantes da Consellería de Política Social a través da Dirección Xeral de Inclusión Social e por dous representantes da Fundación Secretariado Gitano.

Esta Comisión Mixta presidida por un dos representantes da Consellería de Política Social a través da Dirección Xeral de Inclusión Social, velará polo cumprimento dos obxectivos fixados no convenio e reunirse cando así o solicite algunha das partes, e cando menos unha vez durante o período de vixencia do convenio.

#### **SÉTIMA: Inexistencia de relación laboral**



A subscripción do presente convenio non implicará relación contractual algunha entre a Consellería de Política Social e as persoas que desenvolvan as actividades que constitúen o obxecto do mesmo, de xeito que por este concepto non se lle poderá esixir responsabilidade algunha, nin directa nin subsidiaria, polo acontecido no desenvolvemento do convenio.



#### **OITAVA: Causas de resolución**

Serán causas de resolución do presente convenio as seguintes:

1. A aplicación dos fondos outorgados no convenio para fins distintos dos que motivaron a súa concesión.
2. A falta de xustificación do emprego das cantidades recibidas, o que dará lugar ao reintegro das cantidades percibidas mais os seus xuros de mora.
3. O incumprimento total ou parcial de calquera das cláusulas establecidas no mesmo.

Aos efectos de reintegro das subvencións estarase ao disposto no título II da lei 9/2007 de 13 de xuño de subvencións de Galicia e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento de subvencións de Galicia.


#### **NOVENA: Duración**

O presente convenio entrará en vigor o día da súa sinatura, entendendo os seus efectos dende o día 1 de xaneiro de 2016, con vixencia ata o 31 de decembro de 2016.

Non obstante o anterior, o periodo de xustificación de gastos comprenderá dende 1 de xaneiro ata 30 de setembro de 2016.

#### **DÉCIMA: Carácter administrativo do convenio.**

O presente convenio terá carácter administrativo, sen que en ningún caso poidan derivarse del dereitos ou obrigas de carácter laboral. Os seus efectos rexeranse polo establecido nas cláusulas do mesmo e aplicaranse os principios do Real





Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, para resolver as dúbidas e lagoas que puideran xurdir.

A Administración gozará de todas as prerrogativas inherentes á natureza administrativa do convenio.

As cuestións litixiosas xurdidas acerca da interpretación, modificación ou efectos do convenio serán resoltas pola Conselleira de Política Social poñendo os seus acordos fin á vía administrativa, cabendo contra eles recurso potestativo de reposición ante a Conselleira de Política Social, no prazo dun mes de ser expreso o acto a impugnar ou tres meses de ser presunto, segundo o previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro. Así mesmo, poderá interpoñerse directamente recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da publicación do acto que poña fin á vía administrativa, se fose expreso. Se non o fora, o prazo será de seis meses e contarase, para o solicitante e outros posibles interesados, a partir do día seguinte a aquel en que, de acordo coa súa normativa específica, se produza o acto presunto, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa.

Para tales efectos o tribunal competente será o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

#### **DECIMO PRIMEIRA: Inclusión no Rexistro de Axudas, Subvencións e Convenios**

A Fundación Secretariado Gitano consinte que se inclúa e faga pública no Rexistro de Axudas, Subvencións e Convenios a achega outorgada por medio do presente convenio, de acordo co establecido na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 2006.





**XUNTA DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE POLÍTICA  
SOCIAL

Dirección Xeral de Inclusión Social

Así mesmo, este convenio será obxecto de inscrición en cumprimento do establecido no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de de Convenios da Xunta de Galicia e, de conformidade coa Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, o instrumento de colaboración e a información sobre a subvención serán comunicados á Base de datos nacionais de subvencións (BDNS).

#### **DÉCIMO SEGUNDA: Confidencialidade dos datos**

Ambas partes garantirán a total confidencialidade dos datos persoais aos que teñan acceso como consecuencia das actividades realizadas en execución do presente convenio. A entidade Fundación Secretariado Gitano obrígase ao cumprimento da normativa en materia de protección de datos de carácter persoal e, en concreto, á Lei orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, e ao Real Decreto 1720/2007, de 21 decembro, polo que se aproba o regulamento de desenvolvemento de dita lei.

Os datos persoais recollidos na tramitación deste convenio, cuxo tratamento e publicación autorice a persoa beneficiaria, serán incluídos nun ficheiro denominado “Relacións Administrativas coa Cidadanía e Entidades”, creado pola Orde do 15 de decembro de 2001, polo que se regulan os ficheiros de datos de carácter persoal existentes nesta Consellería.

As partes asinantes autorizan a publicidade dos seus datos persoais e demais especificacións recollidas no presente convenio no Portal de Transparencia e Goberno Aberto.

E en proba de conformidade cos termos do convenio, as partes comparecentes asinan e rubrican, en triplicado exemplar, no lugar e data indicado no encabezamento.

O CONSELLEIRO DE POLÍTICA SOCIAL



Asdo.: José Manuel Rey Varela

O DIRECTOR DA FUNDACIÓN  
SECRETARIADO GITANO



Asdo.: Isidro Juan Rodríguez Hernández